

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 20/05/2019

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
SONIA OUTÓN CASAL
LINO MOURIÑO SANTIAGO
PAOLA MARIA MOCHALES
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA EN FUNCIÓNS

ROSA M^a OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 20/05/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13 de maio de 2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/2137

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministrados e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	GASTO 2019	PROPOSTA A APROBAR	CUMPRE LÍMITES
ALEXANDRE MOURIÑO FERNÁNDEZ	36159509J	0,00	11.616,00 €	SI
ARTE Y CERÁMICA DE GALICIA SL	B27712454	1.495,94 €	182,44 €	SI
BAYGAR SL	B12019659	13.924,53 €	2.033,65 €	SI
CID ALVAREZ ANTONIO	34908687T	0,00 €	2.965,50 €	SI
CONSORCIO PROMOCIÓN DE LA MÚSICA	P6503001G	0,00 €	3.700,00 €	SI
DISTRIBUCIONES FROIZ SA	A36036739	1.088,32 €	32,00 €	SI
DOTBEAT SC	J70285572	0,00 €	1.452,00 €	SI
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL	B36528883	0,00 €	10.906,48 €	SI
FARIÑAS MARTIN MIGUEL ANGEL	35463612G	1.936,00 €	3.146,00 €	SI
OFTEFOR CB	E36418283	6.012,50 €	314,60 €	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017). A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2077

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAYGAR SL** para o subministro de 25.000 m. de cinta de balizamento para o Servizo da Policía Local, por un importe total de 1.285,63 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2078

Dáse conta do escrito presentado por D. Uxio Fernandez Piñeiro, en representación de **ANPA O AÑO PITAÑO**, no que expón un problema de circulación e aparcamento na Rúa Os Anxos de Carril.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar ao Sr. Fernández Piñeiro que estan realizadas as melloras de sinalización no entorno en materia de tráfico.

PRP2019/2083

Dáse conta do escrito presentado por **D. David Fernández Rivas**, solicitando autorización para ocupar a zona exterior dos locais Malafama e Dux coa duendeneta o día 25 de maio de 2019 de 23:30 a 02:30 horas.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que deberán axustarse á seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha coberura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á solicitude cun horario dende as 23:30 ás 02:00 horas.

PRP2019/2118

Dáse conta do escrito presentado por Dona Pilar Montaña Couto como Directora do **Centro Ocupacional de Saiar**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 22 de maio de 2019, en horario de 9:30 a 14:00 horas para a venda de produtos elaborados polos usuarios do Centro Ocupacional.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado no cruce das Rúas Alcalde Rey Daviña con Valentín viqueira, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

EMPREGO

PRP2019/2100

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Deputación Provincial, dunha subvención total de 46.800,00€, dentro do Programa da Deputación Provincial Fomento da Empregabilidade na Provincia de Pontevedra "O teu Primeiro Emrpego" nos concellos para a contratación con contrato de prácticas a 4 traballadores a tempo completo por período de 12 meses, cunha aportación municipal de 23.095,08€ (11.547,54€ ano 2019, 11.547,54€ ano 2020), con cargo á partida 241.22799.

PRP2019/2101

Dáse conta de informe da Técnica de Promoción de Emprego con respecto á solicitude de subvención do Programa PAE18 solicitada á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a posta en práctica en Galicia de Programas integrados para o emprego para o ano 2018, e indicando que ao non recibir a notificación de resolución expresa, transcorrido o prazo correspondente, debe considerarse desestimada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2102

Dáse conta da Orde do 17 de abril de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para 2019, das axudas e subvencións para obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia concibidos como programa de formación, práctica profesional e, no seu caso, contratación laboral en empresas, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME19 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Atención socio sanitaria e axuda a domicilio segundo as distintas patoloxías e intervención socioeducativa a persoas con discapacidade.
- Pintura de diversos espazos públicos para o seu acondicionamento e revalorización en edificios e instalacións de titularidade municipal e espazos públicos exteriores.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Atención socio sanitaria a persoas no domicilio (Certificado de Profesionalidade SSCS0108)
- Pintura decorativa en construción (Certificado de profesionalidade EOCB0110)

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de TRESCENTOS TRINTA E SEIS MIL CATROCENOS CORENTA E SEIS EUROS (336.446 €)

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de VINTE MIL UN EUROS (20.001 €) para o financiamento municipal dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ás partidas 241.22799 (3.452,46 €) E 132.160,00 € (16.548,54 €)

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/2097

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o gasto correspondente á contratación coa Empresa RDC Producciones Audiovisuales (D. Antonio Cid Álvarez), para a realización da grabación do Concerto Inaugural da

II edición do Festival Internacional de Música clásica, que terá lugar o 27 de xuño no Auditorio Municipal, por un importe total de 2.964,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22706, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2096

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á contratación da Orquestra Sinfónica de Galicia para o Concerto de apertura da II Edición do Festival Internacional de Música clásica, o día 27 de xuño de 2019, por un importe total de 3.700,00 € (IVE incluído), de conformidade co orzamento presentado polo **Consortio para a Promoción da Música**, con cargo á partida orzamentaria 3261.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2098

Dáse conta de publicación no DOG nº 89 de Resolución da Consellería de Cultura e Turismo pola que se da publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde de 3 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, pola que se Concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes subvencións:

- Subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico. 3.339,28 €
- Subvención para a mellora de coleccións bibliográficas: 6.200,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

MERCADOS

PRP2019/2099

Vista a solicitude de D. José Ruibal López, de cambio de titularidade ao seu favor dos postos nº12-13 da zona de Vergara do Mercado de Vilagarcía, por ter cumpridas todas as formalidades requiridas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2018.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acórdase acceder ao solicitado.

No relativo á duración, obriga dos titulares, etc. estarase ao disposto no novo Regulamento Municipal de Venda Ambulante do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobado polo Pleno da Corporación Municipal coa data de 26 de agosto de 2018 e publicado no BOP nº 223, de data 20 de novembro de 2018.

Dar conta ao Servizo de Mercados aos efectos oportunos.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2019/2109

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e modelos de solicitudes para participar en dúas actividades denominadas: Campamentos Urbanos Medioambientais, que se realizarán na contorna de Vilagarcía durante o mes de xullo de 2019, realizando dúas quendas:

- Primeira. do 8 ao 14 de xullo dirixido a rapaces/as de entre 8 e 11 anos
- Segunda, do 15 ao 21 de xullo, dirixida a mozos/as de entre 12 e 16 anos

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/2112

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAYGAR SL** para a reparación de dos taboleiros e aros de basket na Pista do Parque de A Tomada, por un importe total de 748,02 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.210, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2019/2110

Dáse conta da Resolución da Directora da Axencia de Turismo pola que se Concede a este Concello unha subvención de 5.200 € para a contratación dun informador turístico, dende o 15 de xuño ao 15 de setembro, ao abeiro das Bases Reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeosdestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda iniciar o proceso para a selección dun posto de informador/a turístico/a para a Oficina de Turismo e o Punto de Información Turística do Museo do Ferrocarril.

PRP2019/2111

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización dunha actividade de sendeirismo "Guía e interpretación na Rúa Circular polo xiabre", dentro do programa Goza do Ulla, o 25 de maio, con cargo á partida 432.22612, coa seguinte desagregación:

- **OFTERFOR CB** para a realización da actividade, coa participación de 3 guías, por un importe total de 314,60 €.
- **Distribuciones Froiz SA** para o subministro de avituallamento (augas e froita), por un importe total de 40,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2019/2103

Dáse conta do recurso de reposición interposto por **Dona Marina Espiña Cachafeiro** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2019, que desestimaba a reclamación formulada por presuntos danos sufridos o día 4 de xaneiro de 2018, como consecuencia dunha caída na Rúa Ramón y Cajal, á altura do Parque de Ravella

Tendo en conta que o recurso de reposición presentado non aporta novos datos ao expediente tramitado no seu día, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o citado recurso de reposición e ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2019.

PRP2019/2104

Dáse conta da reclamación formulada por **Dona Gabriela García Blanco** que solicita a reparación dos presuntos danos sufridos o día 21 de xaneiro de 2019, cando segundo a súa

manifestación, o vehículo matrícula 5014GGB, cuxo titular é D. José Benito Soto García, estaba estacionado na Rúa Soutelo de Rubiáns, e sofre danos debido ás labores de desbroce que se estaban a realizar por operarios municipais.

A Xunta de Goberno Local vistos os informes da Policía Local e o Responsable do Servizo de Medio Ambiente acorda estimar a reclamación presentada e o recoñecemento de obrigaón a favor de D. José Benito García Soto, polo importe de 294,05 €, con cargo á partida 929.22609.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/2105

Vista a proposta da Área de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización dun Concerto do Grupo Galego "AGORAPHOBIA", no marco do Festivala, de conformidade co orzamento presentado por **DOTBEAT SC**, por un importe de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SPAD

PRP2019/2107

Dáse conta de escrito da FEGAMP comunicando que procedeu a aboar a cantidade correspondente ap Pago final Convenio Asistencia Drogodependientes 2018, e que se corresponde ao 34,2% da subvención total asignada, por un importe de 135.361,37 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2108

Dáse conta do informe da Directora do SPAD en relación co acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2019 de aprobación do orzamento presentado por **Arte y Cerámica de Galicia SL** para o subministro de material para a realización dun obradoiro de axulexos (azulexos, esmalte, e engobe de diversas cores) no Parque Miguel Hernández o día 14 de abril, con motivo da conmemoración o 15 de abril do día Mundial das Artes, por un importe total de 287,97 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.22199, indicando que existe un erro no citado orzamento, xa que os azulexos presupostados son de dimensións 15x15 e deberían ser de 20x20, polo que tivo que ser modificado o mesmo.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Arte y Cerámica de Galicia SL** para o subministro de material para a realización dun obradoiro de axulexos (azulexos, esmalte, e engobe de diversas cores) no Parque Miguel Hernández o día 14 de abril, con motivo da conmemoración o 15 de abril do día Mundial das Artes, por un importe total de 470,41 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.22199, deixando sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2019.

CONTRATACIÓN

PRP2019/2064

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos para a redacción dun proxecto básico e de execución denominado "Proxecto Básico e de Execución de Carril Bici e Paseo Marítimo ata a Praia de Canelas con retranqueo de muro da EDAR para Vilagarcía de Arousa, a **AM2 Arquitectos CB (D. Alexandre Mouriño Fernández)**, por un importe de 9.600,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE 21% de 2.016,00 € o que totawliza un importe de adxudicación de 11.606,00 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 1720.6290017. (Proxecto 2018-2-DUSI-9).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2065

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos de redacción de proxecto básico e de execución da obra "Mellora de servizos e urbanización na Rúa Freixo en Vilaxoán" a **D. Miguel Angel Fariñas Martín**, por un importe total de 3.146,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2113

Dáse conta do informe emitido polo Arquitecto Municipal e Director de Obra sobre a modificación do proxecto de "Obras Menores de reparación no edificio de servizos socio-comunitarios do Ramal. Vilagarcía de Arosua".

Dáse conta de informe da Secretaria Xeral en relación coas modificacións propostas na obra citada.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación contractual que supón, ademais duns cambios en unidades de obra, un incremento de 3.651,17 € (IVE incluído) a favor da Empresa adxudicataria das obras Coto de Uz< Proyectos y Obras SL., dado que a modificación é inferior ao 10% do prezo do contrato, resulta que o orzamento de execución por contrata modificado ascende a 55.201,89 € (IVE incluído).

O contratista deberá reaxustar a garantía definitiva constituída, polo importe do 7.08% do incremento experimentado polo prezo do contrato (IVE incluído).

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/2119

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de Espina & Delfín SL, polo importe de 38,63 €, da factura 03 190119309 (Rex. 2019/3258), correspondente a consumo de auga do inmovible situado na Rúa Cervantes nº 7, durante o primeiro trimestre de 2019, con cargo á partida orzamentaria 161.22699.

PRP2019/2120

Dáse conta da rendición de contas de pagos a xustificar que presenta Dona Luz M^a Abalo Pérez, provisión de fondos aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2019 para pagar os gastos da celebración da Festa dos Maios 2019:

Xustificantes 6.991,50 €

Recibido 6.991,50 €

Diferenza ingresada en cta./Tesourería 0,00 €

A Xunta de Goberno, visto o informe de Intervención Municipal acorda aprobar a rendición de contas e pagos a xustificar presentada.

PRP2019/2121

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de Estampaciones Casado SL, polo importe de 3.945,81 €, da factura FV 190700 (Rex. 19/2383), correspondente a Subministro de material para a mellora da sinalización de limitación de velocidade e sinais de anuncio en vías urbanas (Obra 3/32/17), con cargo á partida orzamentaria 132.62500.

PRP2019/2122

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Asociación cultural Marajota e Media**, polo importe de 300,00 €, correspondente ao premio concedido pola "Traxectoria respecto á Cultura Galega", con cargo á partida orzamentaria 334.48100.

PRP2019/2129

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 38.093,86 €, con cargo ás partidas que se indican ((Rel. F/2019/66):

Nº Rexistro Factura	Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre	Documento
F/2019/2455	2019 22609 334	10.890,00	MULAS PRODUCTIONS S.L.	Concerto de Corey Davis auditorio de Vilagarcía 22/03/2019	18/2019
F/2019/2527	2019 640 150	1.900,67	ARKIPOLO SLP	Rect. AK19005E 6 / 2ª CERTIFICACIÓN DE OBRA (2ª certificación de obra correspondiente al 18.99% s8.270,00€ ENCARGO: Direcc	Rect-AK19005E 6
F/2019/2601	2019 22799 241	7.465,70	DALLE QUE DALLE, S.C.G.	Personal, Coordinación, Atención Cliente, Calidade, Eventos / Plan de comunicación, Páxina web, Redes Sociais / Networkin	Emit- 16
F/2019/2997	2019 22000 920	426,68	CARLIN PAPELERIAS, S.L.	CAJA DE PROYECTOS 3 AMARILLO FABRISA 0834 /15911 / CAJA DE PROYECTOS 5 AMARILLO FABRISA 0854 /15916 / CAJA DE PROYECTOS	F5 20715
F/2019/3037	2019 22199 920	986,15	MADERAS ACUÑA, S.L.U.	AGLOMERADO HIDROFUGO 2440X1220X16MM / PZA. RASTREL PINO CEPILLADO 3000X40X28MM / PZA. RASTREL PINO CEPILLADO 3000X60X45M	CDT 99651
F/2019/3039	2019 22108 132	522,72	BAYGAR, S.L.	ESPEJO PARABOLICO 60CM (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO ESPELOS PEDIDO RESPONSABLE DE COMPRAS SR.MARIO VAZQUEZ ESTE BIEN NO	Emit- 19002837
F/2019/3041	2019 22108 132	556,60	BAYGAR, S.L.	DULITRAFIC 20LT AMARILLO OP (SEGURIDADE E ORDE PUBLICA PINTURA PEDIDO RESPONSABLE DE COMPRAS SR.MARIO VAZQUEZ ESTE BIEN	Emit- 19002835
F/2019/3150	2019 640 150	1.771,88	ARKIPOLO SLP	Rect. AK19007E 7 / 3ª CERTIFICACIÓN DE OBRA (TERCERA CERTIFICACIÓN DE OBRA 17.71% S. CONTRATO. Dirección de obra de refo	Rect-AK19007E 7
F/2019/3212	2019 22799 926	665,50	JUEGUEN GARCIA, PABLO	MANTEMENTO, XESTIÓN E CREACIÓN DE RRSS. MES DE ABRIL. COMUNICACIÓN	0519
F/2019/3213	2019 22643 231	1.494,35	DURAN RECUNA, CRISTINA	REALIZACIÓN FOTOGRAFÍAS E MAQUETACIÓN EXPOSICIÓN URBÁN DO DÍA INTERNACIONAL DOS XITANOS. IGUALDADE E SERVICIOS SOCIAIS	1119
F/2019/3218	2019 213 161	1.747,29	MEDIOAMBIENTAL OITABEN, S.L.U.	Rect. FV9 0000098 / GLYCOL / CABLE SUBCABLE 7G2,5 / TACO GOMA DIAMETRO 23 / ARANDELA ELASTICA / ARANDELA DE SOPORTE / AN	FV9 0000098.
F/2019/3229	2019 22643 231	122,50	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA CORRESPONDIENTE AL MES DE ABRIL DE 2019	36060-2019-04-1-N
F/2019/3259	2019 22643 231	3.426,59	AGORA ABERTA S.L.N.E.	ConciliaTardes. Programa de protección á infancia. Mes de abril	AG19 021
F/2019/3266	2019 640 150	859,23	SOLIDO ESTUDIO DE ARQUITECTURA, S.C.	E003/2019 COORDINACION SEGURIDADE E SAUDE REFORMA E HUMANIZACION DA PRAZA DA INDEPENDENCIA E UN TRAMO DE SAN ROQUE. CERT	E2019Emit- 3
F/2019/3597	2019 22609 334	3.932,00	FERNANDEZ CARRODEGUAS, ESTHER M.	ACTUACIÓN · #camiños · 4 MAIO 2019 · AUDITORIO MUNICIPAL VILAGARCIA	F19 014
F/2019/3679	2019 22631 334	1.326,00	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Catálogo de 36 páxinas a 4/4 tintas + portadas con solapas a de 9 cm., a 4/4 tintas plastificadas 1/cara mate. Encuadern	F 190799
TOTAL		38.093,86			

PRP2019/2130

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Dona Rosina Sobrido Fernández**, polos importes que a seguir se indican, correspondentes a asistencia a "Presentación do Festival internacional de Música ClasClas" realizada en Madrid o día 29 de marzo:

- Axudas de custo, por importe de 121,22 € con cargo á aplicación orzamentaria 2362.23020.
- Desprazamento, por importe de 155,74 € con cargo á aplicación orzamentaria 2362.23120.

Dado que a Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2019 aprobou uns gastos de desprazamento e axudas de custo por un importe superior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- O reintegro da cantidade de 25,08 € á aplicación orzamentaria 2362.23120 (desprazamento).
- O reintegro da cantidade de 19,55 € á aplicación orzamentaria 2362.23020 (axudas de custo).

PRP2019/2136

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor de Eulen Seguridad SA, polo importe de 2.789,05 €, da factura 0883289 (Rex. 19/3230), correspondente a Servizo de seguridade no SPAD durante o mes de abril, con cargo á partida orzamentaria 2311.22701.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.